



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE
DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DE OURENSE**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia asinou o 22 de agosto de 2020 un convenio de colaboración cuxo obxecto é o establecemento das bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

1. Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias
2. Evento "Gladiator RAcE nocturno"
3. Evento volta ciclista "Ourense Strade Termal"
4. Actos promoción rema, vela, piragüismo 2020 en Ourense

Todas elas eran accións que tiñan como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Que o pasado 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia internacional a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19.

Que mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

A citada situación impediu que a entidade beneficiaria realizase a actuación obxecto deste convenio relativa ao evento “Gladiator Race Nocturno”, xa que non está permitida a realización de carreiras de obstáculos, motivo polo que o INORDE presentou unha proposta de modificación da citada acción por outro evento que se poida situar na zona do Parque do Xures, na modalidade de trail, “Trail do Xures”, no que se permite adaptar o formato á situación actual, con limitación de participantes, saídas graduadas, utilización de máscara na saída, nos avituallamentos e na chegada, así como calquera outra medida preventiva marcada polas autoridades sanitarias para garantir plena seguridade.

Por estes motivos, e dado o interese común das partes asinantes, acordouse celebrar a presente addenda, que se **fundamenta** na necesidade de modificar a cláusula primeira do convenio, relativa ao obxecto deste, que pasa a ser *“establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:*

1. *Equipamento do ximnasio do campo de regatas en Laias*
2. *Evento "Trail do Xurés"*
3. *Evento volta ciclista "Ourense Strade Termal"*
4. *Actos promoción rema, vela, piragüismo 2020 en Ourense”.*

A referida addenda se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

